

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### Data e hora de celebración

23 de maio de 2019 ás 12:00

### Lugar de celebración

Casa do Concello

### Asistentes

#### PRESIDENTE

Adolfo F Muiños Sánchez, Alcalde

#### VOGAIS

Mónica Pichel García, Secretaria Xeral

Patricia Fernández Pérez, Interventora

Mª José Enríquez García, Tesoureira

Mª Carmen Figueira Ares, Voceira do grupo municipal do PSOE

#### SECRETARIA

Vicenta Avelina Campaña Martínez, Funcionaria

Constitúese a Mesa de contratación en acto público, con quórum suficiente, e coas presencias esixidas na normativa de aplicación coa seguinte orde do día:

### Orden do día:

- 1.- Aprobación da acta da mesa de contratación do día 7 de maio de 2019.
- 2.- Declarar baixa empresa e propoñer mellor oferta da seguinte da obra: RX2017/C003/000022 – Rede de saneamento e abastecemento da auga no lugar de Lustres.
- 3.- Proposta de adxudicación da obra: RX2017/C003/000026 – Restauración de Pavimento da Alameda de Rianxo.
- 4.- Proposta de adxudicación da obra: RX2017/C003/000010 – Mantemento e mellora do Cemiterio Municipal.
- 5.- Proposta de adxudicación da obra: RX2017/C003/000005 – Pavimento pista Somoza (Asados) – Igrexa (Leiro).

## 1.- Aprobación da acta da mesa de contratación do día 7 de maio de 2019.

Dáse conta da acta da Mesa de Contratación do 7 de maio de 2019.

A Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes préstalle aprobación.

## 2.- Declarar baixa empresa e propoñer mellor oferta da seguinte da obra: RX2017/C003/000022 – Rede de saneamento e abastecemento da auga no lugar de Lustres.

Con data 25/04/2019 a mesa de contratación tendo en conta o informe emitido pola arquitecta de asistencia do Concello, Ana I. Piñeiro Esperante, acorda:

- 1) Declarar as ofertas presentadas por MANUEL BARCIA GARCÍA E CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L. en baixa temeraria ao non xustificar as mesmas, conforme ao establecido nos PCAP.
- 2) Declarar a mellor oferta economicamente a presentada pola empresa **COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.** que é a que reúne os requisitos, por **importe total de 97.107,78 €, importe sen Ive 80.254,36 € e Ive 16.853,42 €**, de acordo co establecido nos PCAP e por ser a seguinte por orde de puntuación:

Nº orde	Nome empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Aumento Garantía	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, SL	80.126,20	31,19	25	75,00	SI	100,00
2	CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, SL	84.421,70	27,50	25	69,87	SI	94,87
3	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, SL	90.720,23	22,09	25	62,35	SI	87,35
4	MANUEL BARCIA GARCÍA	91.986,91	21,00	25	60,84	SI	85,84
5	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, SL	97.107,78	16,60	25	54,72	NO	79,72
6	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL	98.344,49	15,54	25	53,25	NO	78,25
7	GESTAL Y LOPEZ SL	102.466,43	12,00	18,75	42,00	NO	60,75
8	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL	107.376,74	7,78	25	27,23	NO	52,23
9	CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL	104.426,13	10,32	12,50	36,12	NO	48,62
10	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL	108.903,88	6,47	25	22,65	NO	47,65
11	PAVIMENTOS NOIA, OBRAS E CONTRATAS, SL	109.452,78	6,00	25	21,00	NO	46,00
12	TARRIO Y SUAREZ, SL	110.617,18	5,00	25	17,50	NO	42,50
13	EXCAVACIONES DARIO, SL	111.781,57	4,00	25	14,00	NO	39,00
14	OBRAS G. NOVOA, SL	112.945,96	3,00	25	10,50	NO	35,50
15	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, SL	115.274,28	1,00	25	3,50	NO	28,50
16	ESPINA Y DELFIN, SL	115.856,94	0,50	25	1,75	NO	26,75

17	CONSTRUCCIONES TARRIO, SL	116.439,13	0,00	25	0,00	NO	25,00
18	E. VARELA E HIJOS, SL	116.439,13	0,00	0	0,00	NO	0,00

Requirir á empresa declarada a mellor oferta para que no prazo de **7 días hábiles** presente a documentación, que se presentará por medios electrónicos e asinada electrónicamente, que establece os PCAP **nas Cláusulas: 7 e 16.1.11 á 16.1.15 da Cláusula 16 e o compromiso que establece a Cláusula 27 dos PCAP.**

A empresa COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, SL presenta cos núms. RE 201999900000293 de 10/05/2019 e 201900000002283 de data 10/05/2019, a documentación requirida para a obra de REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE LUSTRES en relación co requirimento efectuado por notificación de data 02/05/2019 co núm. RS 201900000002178 da mellor oferta.

Con data 20/05/2019 a arquitecta de asistencia técnica do concello Ana I. Piñeiro Esperante emite informe no que fai constar:

<b>CONCELLO</b>	RIANXO
<b>DATA DO INFORME</b>	20-05-2019
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	ANA ISABEL PIÑEIRO ESPERANTE- ARQUITECTA MUNICIPAL
<b>DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO</b>	DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE LUSTRES
<b>ORZAMENTO DO INVESTIMENTO</b>	116.439,13 € (IVE INCLUÍDO)

Ana Isabel Piñeiro Esperante arquitecta C.O.A.G. 2.242, en relación coas ofertas presentadas e concretamente sobre a documentación achegada para a acreditación da solvencia técnica, e dispor dos medios persoais e materiais que se compromenten a dedicar ou adscribir á execución do contrato, emite o seguinte informe.

Empresas a valorar

- COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L.

O prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación, no punto 16 indica a documentación que o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar: entre a que figura a de acreditación da solvencia técnica e os medios materiais e persoais:

#### 16.1.4.2. Solvencia técnica

*No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que está clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica técnica que se indican na cláusula 7.*

A cláusula 7, no apartado 2.b.1. fai unha relación doa medios polo que os licitadores poderán acreditar a solvencia técnica.

#### 7.2.1.b. Solvencia técnica : 7.2.1.b.1. Regra xeral

*A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:*

*a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.*

*Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.*

*Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.*

*Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.*

*b) Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.*

*c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras, así como dos técnicos encargados directamente dela.*

*d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato sen prexuízo do disposto no anexo V.*

*e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de Contratación.*

*Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e ) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento da obra.*

**16.1.11.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.**

*Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:*

*Medios persoais:*

*A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras.*

*B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou TCs*

*Medios materiais:*

*- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.*

*2. De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.*

3. *Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.*

4. *No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.*

### Observacións

O licitador achega, entre outra documentación:

- Unha relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución, sendo o importe anual acumulado no ano 2018 superior ao 70% do valor estimado do contrato.
- Certificación de medios materiais da empresa e compromiso de prestación dos servizos de camión cisterna e camión tractor.
- Relación nominal e categoría profesional dos traballadores requiridos os cales xustifica achegando: Relación nominal de traballadores da empresa e compromiso de colaboración coa empresa SERTO GAL e coa empresa EDIFICO PASSIVHAUS S.L.

Non achega a documentación requirida na cláusula 16.1.11 das bases para acreditar os medios materiais.

### Conclusións

Analizada a documentación que achega a empresa considérase que acredita a solvencia técnica e dispor dos medios materiais e non acredita dispor dos medios persoais.>>

A mesa de contratación, examinado o informe anteriormente transcrito e analizada a documentación aportada polo licitador, entende que hai un erro material no informe referido, dado que no apartado de observacións, na liña 9, cando indica medios materiais, estase a referir aos medios persoais, tal e como se fai constar nas conclusións do indicado informe, posto que non se indica se os traballadores son fixos ou temporais, tal e como se establece na cláusula 16.1.11 dos PCAP.

A mesa, tendo en conta o informe anteriormente transcrito, acorda:

1.- Rexeitar a oferta presentada pola empresa COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, SL, por non xustificar os medios persoais, de acordo co establecido nos PCAP.

2.- Propoñer o órgano de contratación a adxudicación da obra de **DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE LUSTRES** á empresa **OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA S.L.**, por importe total de **98.344,49 €**, desagregados en importe sen IVE **81.276,44 €** e IVE **17.068,05 €**, de acordo co establecido nos PCAP e por ser a seguinte por orde de puntuación no cadro anteriormente citado.

3º.- Requirir á empresa declarada a mellor oferta para que no prazo de **7 días hábiles** presente a documentación, que se presentará por medios electrónicos e asinada electrónicamente, que establece os PCAP **nas Cláusulas: 7 e 16.1.11 á 16.1.15 da Cláusula 16.**

### 3.- Proposta de adxudicación da obra: RX2017/C003/000026 – Restauración de Pavimento da Alameda de Rianxo.

Procedese a comprobar a documentación presentada por SERGONSA SERVICIOS, SL cos núms. RE 201999900000292 de 09/05/2019 e 201900000002291 de data 10/05/2019, requirida para a obra de RESTAURACIÓN DE PAVIMENTO ALAMEDA DE RIANXO en relación co requirimento efectuado por notificación de data 02/05/2019 co núm. RS 201900000002188 da mellor oferta.

<ul style="list-style-type: none"> <li>NIF (persoa física)</li> <li>Escritura constitución empresa e estatutos.</li> <li>CIF (p. xurídica)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Certificado ROLECE de data 13/11/2018</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Empresa estranxeira: declaración sometemento tribunais españois/</li> <li>non comunitaria: sucursal en España</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non procede</li> <li>Non procede</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Poderes/ bastanteo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Certificado ROLECE de data 13/11/2018</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración responsable de non estar incurso a empresa ou seu repte e administradores en prohibicións ou incompatibilidade para contratar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Declaración, certificado ROLECE de data 13/11/2018 e certificado Rexistro Xeral de</li> <li>Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 15/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección electrónica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Presenta declaración</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios Persoais, materiais e cumprimento convenios colectivos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Informe arquitecta asistencia concello de data 20/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>UTE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non procede.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración empresas vinculadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non procede.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Inscripción no Rexistro de licitadores das AAPP</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Certificado ROLECE de data 13/11/2018.</li> <li>Certificado Rexistro Contratistas Comunidade Autónoma de Galicia de data 15/05/2019.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración de estar ao corrente coas obrigas tributarias da Xunta de Galicia</li> <li>Declaración de estar ao corrente coas obrigas tributarias da AEAT</li> <li>Declaración de estar ao corrente coas obrigas da Seg. Social</li> <li>Certificado de estar ao corrente coas obrigas do Concello</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Presenta Certificado Rexistro Contratistas Comunidade Autónoma de Galicia de data 15/05/2019.</li> <li>Cumpre. Consulta dende o TEDEC na plataforma de interoperabilidade con data 23/05/2019.</li> <li>Cumpre. Consulta dende o TEDEC na plataforma de interoperabilidade con data 23/05/2019.</li> <li>Cumpre. Presenta certificado de data 24/05/2019.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>Solvencia económica e financeira</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Clasificación. Certificado ROLECE de data 13/11/2018.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Solvencia técnica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Informe arquitecta asistencia concello de data 20/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Garantía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Consta aval bancario coa entidade A BANCA Corporación Bancaria, SA, por importe de 2.747,85 € de data 09/05/2019.</li> </ul>

Con data 20/05/2019 a arquitecta de asistencia técnica do concello Ana I. Piñeiro Esperante emite informe no que fai constar: *"Analizada a documentación que achega a empresa considérase que acredita a solvencia técnica e dispor dos medios materiais e persoais."*

A mesa de contratación, tendo en conta o informe indicado anteriormente, acorda por unanimidade propoñer o órgano de contratación a adxudicación da obra de **RESTAURACIÓN PAVIMENTO DA ALAMEDA** á empresa **SERGONSA SERVICIOS S.L.**, por importe total de **66.497,97 €**, desagregados en importe sen IVE **54.957,00 €** e IVE **11.540,97 €**.

#### **4.- Proposta de adxudicación da obra: RX2017/C003/000010 - Mantemento e mellora do Cemiterio Municipal.**

Procedese a comprobar a documentación presentada por COVISAM NORTE, SL cos núms. RE 20190000002332 de 14/05/2019 e 201999900000304 de data 15/05/2019, requirida para a obra de MANTEMENTO E MELLORA DO CEMITERIO MUNICIPAL en relación co requirimento efectuado por notificación de data 08/05/2019 co núm. RS 20190000002243 da mellor oferta.

En relación á solvencia económica e financeira pola interventora do concello informase de forma verbal, o seguinte:

<<A cláusula 7.2.1.a.1 do PCAP establece os medios para acreditar a solvencia económica e financeira. O seu apartado a) refírese ao volume anual de negocios, que é o que achega o contratista na súa documentación. Os requisitos da solvencia en relación a este medio son:

*"a) Volume anual de anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.*

**Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato."**

En relación á acreditación documental, hai que ir á cláusula 7.2.1.a.2 dos PCAP:

*"a) Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no*

*Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.”*

O contratista presenta a seguinte documentación:

- Declaración do volume anual de negocios dos exercicios 2015, 2016, 2017 e 2018 asinada por Ana Belén Facal Couto
- Contas anuais de Covisam Norte, SL depositadas no Rexistro Mercantil do exercicio 2017 (contén os datos dos exercicios 2016 e 2017).
- Modelo 390 do ano 2018 presentado por Covisam Norte, SL, correspondente co resumo anual da declaración do IVE, que contén o dato da base imponible da facturación da empresa nese exercicio.

Os datos que resultan da documentación anterior son:

Ano	Volume de negocios das contas anuais	Volume de negocios da declaración xurada
2015	-	294.061,79
2016	931.646,79	931.646,79
<b>2017</b>	<b>1.147.300,68</b>	<b>1.147.300,68</b>
2018		1.737.286,61

Para o exercicio 2018 o prazo aínda está aberto para o depósito das contas anuais da empresa, polo que os tres últimos anos dispoñibles son o 2015, 2016 e 2017. Destes anos, o que ten maior volume de negocios é o 2017, do que si se presenta a documentación requirida nos PCAP.

O valor estimado da obra é de 80.171,49 €, polo que cúmprese o límite mínimo establecido para o cumprimento da solvencia económica.

Valor estimado do contrato	80.171,49
25% do valor estimado do contrato	20.042,87
Volume de negocios do ano 2017	1.147.300,68
Cumpre solvencia económica	Si

A mesa fai seu o informe anteriormente transcrito e procédese a realizar

<ul style="list-style-type: none"> <li>• NIF (persoa física)</li> <li>• Escritura constitución empresa e estatutos.</li> <li>• CIF (p. xurídica)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Certificado ROLECE de data 16/06/2018.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empresa estranxeira: declaración sometemento tribunais españois/</li> <li>• non comunitaria: sucursal en España</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non procede</li> <li>• Non procede</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Poderes/ bastanteo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Certificado ROLECE de data 16/06/2018.</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>• Declaración responsable de non estar incurso a empresa ou seu repte e administradores en prohibicións ou incompatibilidade para contratar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Declaración, certificado ROLECE de data 16/06/2018 e certificado Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 10/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección electrónica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Presenta declaración</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Medios Persoais, materiais e cumprimento convenios colectivos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Informe da arquitecta de asistencia do Concello de data 20/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• UTE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non procede.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Declaración empresas vinculadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non procede.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inscripción no Rexistro de licitadores das AAPP</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Certificado ROLECE de data 16/06/2018.</li> <li>• Certificado Rexistro Contratistas Comunidade Autónoma de Galicia de data 10/05/2019.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Declaración de estar ao corrente coas obrigas tributarias da Xunta de Galicia</li> <li>• Declaración de estar ao corrente coas obrigas tributarias da AEAT</li> <li>• Declaración de estar ao corrente coas obrigas da Seg. Social</li> <li>• Certificado de estar ao corrente coas obrigas do Concello</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Presenta Certificado Rexistro Contratistas Comunidade Autónoma de Galicia de data 10/05/2019.</li> <li>• Cumpre. Consulta dende o TEDEC na plataforma de interoperabilidade con data 23/05/2019.</li> <li>• Cumpre. Consulta dende o TEDEC na plataforma de interoperabilidade con data 23/05/2019.</li> <li>• Cumpre. Presenta certificado de data 24/05/2019.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Solvencia económica e financeira</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Informe interventora do concello na propia mesa de contratación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Solvencia técnica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Informe da arquitecta de asistencia do Concello de data 20/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Garantía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumpre. Consta aval bancario coa entidade CAIXABANK, SA, por importe de 2.794,00 € de data 13/05/2019.</li> </ul>

Con data 12/02/2019 a arquitecta de asistencia técnica do concello Ana I. Piñeiro Esperante emite informe no que fai constar: *"Analizada a documentación que achega a empresa considérase que acredita a solvencia técnica e dispor dos medios materiais e persoais."*

A mesa de contratación, tendo en conta o informe indicado anteriormente, acorda por unanimidade propoñer o órgano de contratación a adxudicación da obra de **MANTENIMENTO E MELLORA NO CEMITERIO MUNICIPAL** á empresa **COVISAM NORTE, S.L.**, por importe total de **67.614,80 €**, desagregados en importe sen IVE **55.880,00 €** e IVE **11.734,80 €**.

### 5.- Proposta de adxudicación da obra: RX2017/C003/000005 - Pavimento pista Somoza (Asados) - Igrexa (Leiro).

Procedese a comprobar a documentación presentada por NEMESIO ORDÓÑEZ, SA cos núms. RE 201900000002279 de 10/05/2019 e 201999900000297 de data 13/05/2019, requirida para a obra de PAVIMENTO PISTA SOMOZA (ASADOS)-IGREXA (LEIRO) en relación co requirimento efectuado por notificación de data 02/05/2019 co núm. RS 201900000002189 da mellor oferta.

<ul style="list-style-type: none"> <li>NIF (persoa física)</li> <li>Escritura constitución empresa e estatutos.</li> <li>CIF (p. xurídica)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Certificado ROLECE de data 27/02/2019.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Empresa estranxeira: declaración sometemento tribunais españois/</li> <li>non comunitaria: sucursal en España</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non procede</li> <li>Non procede</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Poderes/ bastanteco</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Certificado ROLECE de data 27/02/2019 e certificado Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 02/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración responsable de non estar incurso a empresa ou seu repte e administradores en prohibicións ou incompatibilidade para contratar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Declaración, certificado ROLECE de data 27/02/2019 e certificado Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 02/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección electrónica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Presenta declaración</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios Persoais, materiais e cumprimento convenios colectivos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Informe da arquitecta de asistencia do Concello de data 20/05/2019</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>UTE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non procede.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración empresas vinculadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non procede.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Inscripción no Rexistro de licitadores das AAPP</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Certificado ROLECE de data 27/02/2019.</li> <li>Certificado Rexistro Contratistas Comunidade Autónoma de Galicia de data 02/05/2019.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración de estar ao corrente coas obrigas tributarias da Xunta de Galicia</li> <li>Declaración de estar ao corrente coas obrigas tributarias da AEAT</li> <li>Declaración de estar ao corrente coas obrigas da Seg. Social</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpre. Presenta Certificado Axencia Tributaria Galicia 06/02/2019.</li> <li>Cumpre. Consulta dende o TEDEC na plataforma de interoperabilidade con data 23/05/2019.</li> <li>Cumpre. Consulta dende o TEDEC na plataforma de interoperabilidade con data 23/05/2019.</li> <li>Cumpre. Presenta certificado de data 24/05/2019.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"><li>• Certificado de estar ao corrente coas obrigas do Concello</li></ul>	
<ul style="list-style-type: none"><li>• Solvencia económica e financeira</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Cumpre. Clasificación. Certificado ROLECE de data 27/02/2019.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Solvencia técnica</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Cumpre. Informe da arquitecta de asistencia do Concello de data 20/05/2019</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Garantía</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Cumpre. Consta aval bancario coa entidade BANCO SANTANDER, SA, por importe de 3.753,98 € de data 09/05/2019.</li></ul>

Con data 12/02/2019 a arquitecta de asistencia técnica do concello Ana I. Piñeiro Esperante emite informe no que fai constar: *"Analizada a documentación que achega a empresa considérase que acredita a solvencia técnica e dispor dos medios materiais e persoais."*

A mesa de contratación, tendo en conta o informe indicado anteriormente, acorda por unanimidade propoñer o órgano de contratación a adxudicación da obra de **PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA (ASADOS) - IGREXA (LEIRO)** á empresa **NEMESIO ORDOÑEZ, SA**, por importe total de **90.846,34 €**, desagregados en importe sen IVE **75.079,62 €** e IVE **15.766,72 €**.

Non habendo mais asuntos que tratar, levántase a reunión.

O alcalde, Adolfo F. Muiños Sánchez  
A secretaria, Vicenta A. Campaña Martínez